- 4- Os informes do D.O. sobre o alumnado implicado nestas circunstancias.
- 5- Os informes personalizados e diferentes avaliacións aplicadas sobre o alumnado susceptible de ser beneficiario do plans de reforzo e recuperación..

## **i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso**

Respondendo ó principio inclusivo inherente ó PEC do CEIP Plurilingüe Manuel Sieiro a atención á diversidade é un dos eixos fundamentais do noso proxecto de calidade, por iso son vitais todas aquelas actuacións que busquen o máximo desenvolvemento en cada alumna e alumno. En definitiva, tratamos de posibilitar que todo o alumnado do noso centro alcance o éxito escolar. Así entendemos como Plan Específico de Reforzo Educativo o conxunto de actuacións relevantes para a consecución dos obxectivos do curso por parte dos alumnos-as con máis dificultades de aprendizaxe.

-Neste Plan vaise intensificar o “uso de instrumentos e ferrameintas” que faciliten o acceso á aprendizaxe e estimule a motivación. Incidirán sobre todo nas competencias clave matemática e lingüística, por ser os pilares nos que se basearán as aprendizaxes de tódalas materias do currículo, e, de ser o caso, na lingua inglesa, e realizarase dentro ou fóra da aula ordinaria en función dos factores individualizados que afecten a cada alumno en particular.

-Os contidos da intervención fixaranse atendendo ás necesidades educativas do alumnado destinatario do programa.

-De forma xeral traballaranse os ámbitos persoal, social, familiar e curricular.

-Dentro do ámbito curricular abordaranse prioritariamente os contidos e procedementos de traballo propios de las áreas de competencias lingüística e matemática co fin de que o alumnado repetidor acade os obxectivos mínimos y para a segurar o desenvolvemento das competencias clave.

-Para seleccionar os contidos que requiren reforzo teranse en conta os obxectivos de aprendizaxe non acadados en cursos anteriores e necesarios para cursar con aproveitamento as ensinanzas propias do nivel que está cursando.

Na elaboración deste Plan incluíranse:

1. A selección e priorización dos estándares de aprendizaxe avaliábeis que se correspondan con contidos básicos e imprescindibles que debe recuperar o alumno.
2. Referencias á metodoloxía, incluíndo estratexias organizativas. Seguimento e avaliación dos aprendizaxes de los alumnos.
3. Implementación de medidas complementarias (colaboración e asesoramento ás familias e acción tutorial)

## **j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación**

### **AVALIACIÓN**

1. A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe que se recollen no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

3. A avaliación do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

4. No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

5. A avaliación das competencias clave está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado, na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, as destrezas, as actitudes e os valores para dar resposta ás situacións expostas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora.

6. Na valoración do desenvolvemento das competencias do alumnado teranse en consideración, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe das diferentes áreas que se relacionan cunha mesma competencia, os cales conforman o perfil desa competencia.

Os criterios xerais para a avaliación serán:

A cualificación estará relacionada co grao de adquisición das competencias do alumno/a de quinto curso, a través de todas as actividades que leve a cabo.

1. Traballo autónomo (aula, outros espazos)

- Realización sen axuda externa.
- Estimación do tempo investido para resolver unha actividade.
- Grao de adquisición de aprendizaxes básicas.
- Orde e limpeza na presentación.
- Caligrafía.
- Destrezas.
- Revisión do traballo antes de dalo por finalizado.
- Valoración entre o traballo na clase e na casa.
- Creatividade.

2. Probas orais e escritas

- Valoración da aprendizaxe dos contidos.
- Valoración dos procesos seguidos e resultados.
- Expresión oral do procedemento seguido ao resolver unha actividade. Coherencia e adecuación.
- Valoración tempo investido/tempo necesario para resolver unha actividade.
- Orde, limpeza e estrutura do traballo presentado.
- Caligrafía lexible.
- Tempo de realización.
- Destrezas.

3. Actividades TIC.

- Uso adecuado e guiado do ordenador e dalgunha ferramenta telemática.
- Utilización de Internet, de forma responsable e con axuda, para buscar información sinxela ou resolver unha actividade.
- Tipo de participación (autónoma, con apoio, ningunha).
- Grao de elaboración da resposta.
- Interese, motivación

4. Participación e seguimento das clases (intervencións orais, tipo de resposta...).

- Nivel e calidade das intervencións.
- Mensaxe estruturada.
- Uso de vocabulario apropiado.
- Comportamento.
- Esfuerzo.
- Interese.

5. Traballo cooperativo. Valoración individual e en grupo.

- Capacidade de traballo cooperativo.
- Grao de comunicación cos compañeiros e compañeiras.
- Resolución de conflitos.
- Interese, motivación.
- Creatividade.
- Iniciativa.

6. Opinión persoal do traballo e como se levou a cabo.

6. Arquivo de traballo individual.

- Presentación clara e ordenada.
- Actualizado.
- Razoamento da selección das producións que forman o arquivo.

#### PROMOCIÓN

1. Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A avaliación final do curso levarase a cabo tendo en conta o criterio de avaliación continua, de tal modo que o alumno-a acadará como calificación final en cada materia aquela que conste na 3ª avaliación. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

2. O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.

3. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfazamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a tutoría legal, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

4. Para a elaboración e o seguimento do plan específico de reforzo, a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

5. Ao finalizar os cursos segundo e cuarto da etapa o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo seguinte.

6. Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa dun informe elaborado pola súa titora ou polo seu titor sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

Os criterios xerais para a promoción serán:

Seguindo a lexislación actual ( Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia) en 4º e 6º curso estableceranse os seguintes criterios de promoción:

2ºEP

#### MÍNIMOS PARA PROMOCIONAR AO SEGUINTE NIVEL.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica, reunida no curso anterior coa finalidade de establecer un criterios claros para promocionar ao seguinte nivel, e dado o carácter instrumental e a importancia que teñen as áreas de Matemáticas, Lingua Galega e Lingua castelá para lograr os obxectivos anteriormente marcados e acadar un grao óptimo de adquisición das competencias clave, decidiu o seguinte:

Un alumno ou alumna non promocionará ao nivel seguinte cando se dean as seguintes situacións.

1-Un alumno ou alumna non acade o grao suficiente de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos, cando menos, en dúas das materias instrumentais ou nas tres (Lingua Galega, Lingua Castelá ou Matemáticas).

En calquera caso, será a comisión de avaliación, co titor ou titora ao fronte, quen decidirá en última instancia e tomará as decisións oportunas tendo en conta o recollido neste documento, así como calquera outra información relevante con respecto ao alumnado.

4ºEP

#### MÍNIMOS PARA PROMOCIONAR AO SEGUINTE NIVEL.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica, reunida no curso anterior coa finalidade de establecer un criterios claros para promocionar ao seguinte nivel, e dado o carácter instrumental e a importancia que teñen as áreas de Matemáticas, Lingua Galega e Lingua castelá para lograr os obxectivos anteriormente marcados e acadar un grao óptimo de adquisición das competencias clave, decidiu o seguinte:

Un alumno ou alumna non promocionará ao nivel seguinte cando se dean as seguintes situacións.

1-Un alumno ou alumna non acade o grao suficiente de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos, cando menos, en dúas das materias instrumentais ou nas tres (Lingua Galega, Lingua Castelá ou Matemáticas).

En calquera caso, será a comisión de avaliación, co titor ou titora ao fronte, quen decidirá en última instancia e tomará as decisións oportunas tendo en conta o recollido neste documento, así como calquera outra información relevante con respecto ao alumnado.

6ºEP

MÍNIMOS PARA PROMOCIONAR AO SEGUINTE NIVEL.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica, reunida no curso anterior coa finalidade de establecer un criterios claros para promocionar ao seguinte nivel, e dado o carácter instrumental e a importancia que teñen as áreas de Matemáticas, Lingua Galega e Lingua castelá para lograr os obxectivos anteriormente marcados e acadar un grao óptimo de adquisición das competencias clave, decidiu o seguinte:

Un alumno ou alumna non promocionará ao nivel seguinte cando se dean as seguintes situacións.

1-Un alumno ou alumna non acade o grao suficiente de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos, cando menos, en dúas das materias instrumentais ou nas tres (Lingua Galega, Lingua Castelá ou Matemáticas).

En calquera caso, será a comisión de avaliación, co titor ou titora ao fronte, quen decidirá en última instancia e tomará as decisións oportunas tendo en conta o recollido neste documento, así como calquera outra información relevante con respecto ao alumnado.

### **k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso**

PROPOSTA DE MENCIÓN HONORÍFICA

O equipo educativo deberá reunirse antes do 15 de xuño. Todo o equipo educativo deberá estar de acordo co alumnado seleccionado. O número de alumnos seleccionados non se adxudica proporcionalmente por cada aula senón por nivel. A proposta de «Mención honorífica» farase constar na acta de avaliación.

ESTES ALUMNOS DEBERÁN REUNIR AS SEGUINTE CONDICIÓNS:

1. Desempeño académico destacado en todos os ámbitos e ao longo da súa escolarización.
2. Convivencia e esforzo exemplar ao longo de toda a súa traxectoria escolar.

OS CRITERIOS QUE SEGUIREMOS PARA CONCEDER A MENCIÓN DE HONRA SON OS SEGUINTE:

1. Cumprir os requisitos establecidos pola lei ("ter obtido un Sobresaliente ao finalizar a Educación Primaria na área para a que se concede").
2. Ter obtido polo menos unha nota notable nas demais áreas.
3. Ter un 10 en cada unha das tres avaliacións. en 6º de primaria nesa área na que a Mención de Honra se lle outorgará.
4. Que nunha reunión do equipo docente, na que deberá estar presente un membro do equipo directivo, a maioría deste equipo acorde outorgar esta mención.

### **l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas**

Os criterios xerais para elaborar las propostas pedagóxicas da educación infantil e as programacións didácticas da educación primaria fundaméntanse nos acordos previos tomados tendo en conta as nosas liñas xerais de actuación pedagóxica, os obxectivos propios para a mellora do rendemento escolar, a forma de atención á diversidade e a concreción dos elementos do currículo. Estes criterios serán elaborados polo Claustro de Profesores e agrúpanse en diferentes aspectos:

Contexto do Centro

- A primeira premisa na programación debe ser a súa utilidade. Non se convertiran nun mero trámite. Deben ser instrumentos útiles para un ensino-aprendizaxe de calidade.
- Realizaranse en equipo. O traballo repartirase entre os compoñentes do Equipo Docente e de Ciclo.
- Atenderán ás necesidades do alumnado, ó seu contexto e características xerais
- Tomarase como punto de partida as ideas previas do alumnado
- Contemplarán os obxectivos, contidos e a súa distribución temporal por unidades didácticas adaptados ás características do centro e do alumnado, incluíndo las distintas medidas de atención á diversidade que puideran levarse a cabo.
- Guiaranse por criterios selectivos de aprendizaxes verdadeiramente relevantes e imprescindibles.
- Atenderán ás necesidades detectadas nas Probas de Avaliación de Diagnóstico e terán en conta a Atención á Diversidade
- Que o Plan de Acción Titorial sexa o referente para o desenvolvemento de algúns obxectivos contemplados nas programacións.

En relación ós obxectivos:

- Aparecerán os obxectivos xerais para cada unha das áreas
- Terán en conta os obxectivos didácticos do Plan de Calidade e Mejora (CPIInnova+CPIInclúe)
- Os obxectivos adaptaranse e darán preferencia a paliar as necesidades e carencias detectadas.
- Aparecerán os obxectivos educativos do Plan de Centro, recollendo todo o acordado no Claustro.

En relación ós contidos

• Débense seleccionar, de forma coherente e interdisciplinar, as aprendizaxes verdadeiramente relevantes e imprescindibles, facendo especial fincapé na comprensión e expresión oral e escrita (fomento da lectura), e o razoamento práctico lóxico-matemático, en cada unha das áreas; no tratamento das tecnoloxías da información e comunicación, especialmente, no terceiro ciclo de primaria; así como, na educación en valores (Educación emocional, educación para a paz e a convivencia, coeducación, educación ambiental, educación do consumidor, educación vial, educación para a saúde), que teña relación cos distintos plans e programas que se estean desenvolvendo no centro. Así mesmo, estas aprendizaxes deben contemplar a súa contribución á adquisición das competencias básicas.

• Aparecerá unha secuenciación e temporalización estable dos contidos principais

- Establecerán relacións entre as distintas áreas e materias. Neste centro, polo seu carácter plurilingüe, aparecerán contidos en Inglés nalgúns áreas do currículo de E. Infantil e na área de Educación Plástica e visual da E. Primaria

- Procurarase tamén establecer relacións entre áreas e os distintos programas que se desenvolvan no centro
- Incorporaranse os contidos transversais e os Programas de Innovación Educativa que se implementan no CEIP

En relación á metodoloxía e á adquisición de Competencias Básicas:

- Organizar as áreas en torno a centros de interese, partindo do que rodea ó alumnado e que sexa cercano e suxerente

- Globalización das áreas, adaptándoas ás características dos alumnos-as
- Promover a aprendizaxe significativa (contidos novos acompañados dos enlaces e instrumentos necesarios que os conecte con outros xa adquiridos)

- Establecer mecanismos de coordinación entre os distintos ciclos e etapas.
- Introducir a lectura, a expresión oral, o razoamento práctico lóxico-matemático e o Inglés (sempre que sexa posible) en cada unha das áreas. En definitiva, as Competencias Básicas lingüísticas e matemáticas. Os Equipos de Ciclo terán en conta que as áreas de Matemáticas, Linguas castelá e galega, e Inglés, dado o seu carácter instrumental para a adquisición doutros coñecementos, recibirán unha especial consideración no horario do centro. Así, as programacións sempre incluirán:

- Actividades para escritura, lectura e expresión oral
- Cando menos quince minutos diarios de lectura
- Pautas xerais de escritura
- Estratexias e pautas para a resolución de problemas contextualizados e reais
- Tarefas para desenvolver as competencias básicas: resollen unha situación-problema e teñen utilidade práctica.

Afectan a contidos de distintas áreas e están contextualizadas

- Estratexias para o traballo corporativo
- Medidas de atención á diversidade

En relación ós recursos e materiais

- Os equipos docentes organizarán o espazo e o tempo, así como as actividades e os recursos dispoñibles, necesarios para o desenvolvemento das programacións.

- Estableceranse os criterios para unha selección de materiais curriculares de calidade
- Aparecerá unha relación con recursos e materiais curriculares
- Contemplanse o uso da Biblioteca Escolar e cantas dependencias sexan precisas para a realización das distintas actividades

En relación á avaliación e os seus criterios

- Cando se están facendo las programacións, non podemos perder de vista que avaliar. Debemos seleccionar os criterios que nos van servir para avaliar ó noso alumnado, rexernos por un sistema de calificación claro, ó mesmo tempo que os criterios de promoción para o alumnado que cambia de ciclo/etapa, e incluílos nas programacións.

- Incluíranse os acordos e estratexias para a avaliación inicial

Cada titor/a publicitará as programacións didácticas do seu grupo, facendo chegar ás familias, a través da web do centro educativo (aulas virtuais) o seu contido.

### **m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas**

O CEIP Plurilingüe Manuel Sieiro participa en diferentes Programas de Innovación Educativa que responden ó modelo que o centro pretende implementar dende hai máis dunha década. Trátase dunha seña de identidade propia do noso colexio, proporcionando ó noso alumnado un ensino de calidade na medida das posibilidades dunha escola de tan so catro unidades.

Distribuiremos os criterios empregados para a nosa participación en programas de innovación en base ós ámbitos nos que se ubican os diferentes programas implementados no centro:

**PROGRAMAS DE LINGUA EXTRANXEIRA (PLURIINGÜISMO EN INFANTIL E PRIMARIA)**

- Necesidade de promover o uso das linguas europeas como instrumento de comunicación.
- A escola debe ofrecer os recursos necesarios para que os alumnos se preparen e sexan competentes alá onde o seu traballo ou formación lles leve.
- O colexio conta con profesores competentes e comprometidos cun desexo de reciclar os seus coñecementos e dispostos a traballar cos alumnos para proporcionarlles a educación necesaria
- Taballáronse medidas previas ó plurilingüismo (seccións bilingües, experiencias de conversación coa auxiliar de conversa...) que serviron para ambientar e potenciar a aprendizaxe do idioma desde o segundo ciclo de educación infantil ata 6º de primaria.
- En educación sempre hai que mirar cara a adiante e suscitar novos retos que fagan máis fácil e completo o mundo académico, persoal e social do alumno. Ademais é moi importante facilitar ao alumnado a correcta inserción nunha sociedade cada vez máis plurilingüe.

**PROGRAMAS DE BIBLIOTECA ESCOLAR (PLAMBE, VOLUNTARIADO DE LECTURAS-A, RADIO NA BIBLIO, CLUBS DE LECTURA, BIBLIOTECA CREATIVA, LECTURA E FAMILIAS)**

- A inqueda por poñer en contacto ó alumnado cos libros, revistas e prensa da biblioteca para que poidan espertar o seu interese para ser lidos.
  - A vontade de incrementar e fortalecer o hábito de lectura do alumnado, intentando que cada alumno-a lea alomenos un libro ó mes, tentando de favorecer un equilibrio entre o galego e o castelán.
  - O fomento e promoción da lectura como medio de entretemento, lecer e diversión.
  - A posibilidade de achegar o alumnado ás distintas fontes de información (libros, programas de computador, Internet, revistas, prensa, etc.) para que coñezan e comprendan todo tipo de textos.
  - Adquisición de hábitos de uso e aproveitamento da biblioteca a través do sistema de préstamo.
  - A creación de espazo e situacións para propoñer ó alumnado a creación das súas propias historias e interpretacións (escritura creativa).
  - Desenvolvemento da atención, comprensión e concentración coa lectura silenciosa e mellorar as habilidades comunicativas do alumnado.
  - A formación en valores a través da lectura que non supoña discriminación ideolóxica, social, racial, sexista, etc.
  - A aprendizaxe de hábitos para compartir e coidar o material, libros, cds, dvds, etc.
  - Desenvolvemento no alumnado a capacidade de observación, reflexión, análise crítica, investigación e creación.
  - Aumento dende curta idade o desexo de aprender a ler, poñendo aos maiores como modelo.
  - Contribución na mellora das relacións e a convivencia entre nenos-as de distintas idades mediante a lectura
  - Potenciación da aprendizaxe das competencias lecto-escritoras mediante a colaboración e a interacción entre iguais
  - Realización en todas as etapas educativas do CEIP a elaboración de proxectos interdisciplinares que nazen e se desenvolvan na biblioteca escolar
  - Implementación de experiencias de alumn@s bibliotecarios nas tres modalidades nadas este curso: BIBLIOTECARI@S EN ACCIÓN, CONTACONTOS EN ACCIÓN e CONTACONTOS NO EXTERIOR, incidindo no uso dos recursos da Biblioteca Escolar por parte do alumnado voluntario, co fin de tomar un papel máis activo no deseño de materiais.
  - A participación activa das familias a través do programa Lectura e familias no que se diseña cada curso un plan de actividades de lecturas compartidas, teatro, poesía, radio...que culminarán cada ano na participación voluntaria de nais e pais en eventos, obradoiros e celebracións do centro educativo.
- PROGRAMAS DE MELLORA DO ÉXITO EDUCATIVO (CPinclúe-CPIInnova)**

- A recente historia deste Centro no que se refire a programas de innovación educativa, pois xa nos últimos dez cursos se desenvolveron contratos-programa no mesmo.

- O deseño e desenvolvemento de proxectos onde todo o profesorado se sinta participe da atención á diversidade, xerando un clima de cooperación e participación na atención de todo o alumnado; a concreción de medidas necesarias de atención á diversidade de carácter ordinario e flexible para atender ás necesidades detectadas; o establecemento, afianzamento e mellora das relacións coas familias e a comunidade educativa en termos de cooperación e colaboración, garantindo a inclusión de todo o alumnado, atendendo ás diferenzas e desigualdades derivadas da pertenza a grupos socio-económicos desfavorecidos.

- O logro dun clima de aula e de centro que favoreza o procesos de ensinanza e de aprendizaxe nesta área, favorecendo a atención educativa dos colectivos máis vulnerables (especialmente os alumnos e alumnas pertencentes a familias máis desfavorecidas) para mellorar a súa formación e previr os riscos de exclusión social.

- A mellora do nivel de adquisición das competencias clave de todo o noso alumnado nas etapas de ensino obrigatorio elevando os niveis de éxito escolar dos nosos alumnos/as en tódolos cursos da E. Primaria, concretando as necesidades de mellora concretas nas avaliacións ordinaria e nas avaliacións de diagnóstico

- Flexibilización da práctica docente en aspectos como nos agrupamentos de alumnos, organización de horarios, ou optimización de espazos, en función dos plantexamentos pedagóxicos dos distintos equipos docentes, coa finalidade de mellorar a adquisición da competencia matemática, procurando a integración das novas tecnoloxías nas experiencias de aprendizaxe.

- A vontade de todo o claustro de deseñar e desenvolver un proxecto onde todo o profesorado se sinta participe da atención á diversidade, xerando un clima de cooperación e participación na atención de todo o alumnado dende a defensa da igualdade de xénero e da coeducación como única forma real de enfrontar o eido educativo no século XXI

- A preocupación crecente na comunidade educativa por mellorar o clima de respecto, integración e aceptación entre toda ela

- A vontade do profesorado por posibilitar unha mellora cualitativa da calidade do ensino do noso centro mediante a posta en práctica de tódolos plans e proxectos especificados no presente documento, en concreto baseándonos na mellora necesaria na convivencia entre tódolos membros da comunidade educativa.

- Aceptación do alumnado como é, dándolle a posibilidade de decidir sobre aspectos concretos da súa realidade cotiá, mantendo expectativas positivas sobre a capacidade de aprender do mesmo e a de

- ensinar por parte do mestre/a.

- Organización dunha resposta flexible e diversa nun contexto normalizado e heteroxéneo, integrando ás familias, practicando coas mesmas modelos de titoría individualizada.

- A vontade de todo claustro de deseñar e desenvolver na realidade cotiá unha efectiva atención á diversidade cun clima de cooperación e participación.

- O interese por concretar tódalas medidas posibles de mellora da convivencia para atender ás necesidades detectadas na nosa comunidade educativa, mediante o coñecemento de nós mesmos e dos demais, así como a aceptación de cada un.

- A preocupación crecente na comunidade educativa por mellorar o clima de respecto, integración e aceptación entre toda ela, desenvolvendo programas anuais de desenvolvemento das habilidades sociais mediante o voluntariado, as titorías entre iguais, o intercambio con realidades educativas e sociais diversas do noso entorno máis preto (Escola infantil, Centro Residencial para mulleres con discapacidade intelectual, residencia de maiores, etc.).

- A vontade do profesorado por posibilitar unha mellora cualitativa da calidade do ensino do noso centro apoiándonos na mellora necesaria na convivencia, na educación emocional, as habilidades sociais e o fomento da creatividade no noso alumnado e en tódolos membros da nosa comunidade educativa.

- A existencia de obxectivos específicos sobre a educación emocional e social recollidos no Plan de convivencia

- Complementación, a través da actividade física e deportiva, o labor formativo desenvolvido no noso centro educativo, especialmente no referente ós valores e os hábitos saudables.

- Adaptación a práctica da actividade física e do deporte ás finalidades e necesidades das etapas educativas de E. Infantil e Primaria.

- Redución dos factores de risco de sufrir enfermidades físicas e psíquicas (asma, obesidade, cardiopatías, diabetes, depresión, ansiedade, estrés,)

#### PROGRAMAS DE EDUCACIÓN EMOCIONAL

- Alta valoración da autoestima de tódolos membros da nosa comunidade educativa aproveitando as situacións cotiás da vida escolar para converte-lo Centro nun espazo que propicie a aceptación social e persoal de tódolos implicados no acto educativo.

- Consideración das emocións e sentimentos das persoas a través do diálogo, a tolerancia e o respecto mutuo, para adquirir adquirir novas formas de relacionarse (condución asertiva-cooperación), en definitiva crecer nun espazo de paz que procure o desenvolvemento integral de nenos e nenas en harmonía co entorno e cos seus iguais.

- Promoción a diario do voluntariado entre tódolos membros da comunidade educativa, con programas específicos

para tal fin, fomentando a colaboración con institucións asistenciais dos arredores, coñecendo realidades educativas e sociais diversas que axudan a abrir intelectual e emocionalmente o ámbito de aceptación dos demais ara cada alumno-a do centro, así como para os demais membro sda comunidade

- Mantemento de espazos-convivencia (espazo físico no CEIP), no que se leve a cabo o coñecemento das distintas realidades humanas, partindo da propia identidade e do achegamento aos demais, dotados de bibliografía axeitada, así como xogos e actividades para tal fin.

- Posta en práctica de actividades de convivencia con outros Centros a través de tódalas iniciativas de convivencia que poidan xurdir. (celebración de datas sinaladas conxuntamente coa Escola Infantil de Crecente, o Centro Residencial para mulleres con discapacidade inteectual existente no concello, ou a Residencia de maiores San Pedro de Crecente).

- Adecuada disposición e compromiso para implementar a educación emocional durante todo o periodo inicial e con vontade de seguir traballando neste eido en cursos posteriores. Pretendemos participar neste programa por varias razóns ben fundamentadas, pero que resumidamente pódense atopar nos catro aspectos que sinalamos a continuación. e que aseguran o feito de que, actualmente, a convivencia neste centro baséase en aspectos como:

- A vontade de todo claustro de deseñar e desenvolver na realidade cotiá unha efectiva atención á diversidade cun clima de cooperación e participación.

- O interese por concretar tódalas medidas posibles de mellora da convivencia para atender ás necesidades detectadas na nosa comunidade educativa, mediante o coñecemento das emocións propias e alleas, así como a aceptación de cada un de nós e dos demais.

- A preocupación crecente na comunidade educativa por mellorar o clima de respecto, integración e aceptación entre toda ela, desenvolvendo programas anuais de desenvolvemento das habilidades sociais mediante o voluntariado, as titorías entre iguais, o intercambio con realidades educativas e sociais diversas do noso entorno máis preto (Escola infantil, Centro Residencial para mulleres con discapacidade intelectual, residencia de maiores....).

- A vontade do profesorado por posibilitar unha mellora cualitativa da calidade do ensino do noso centro apoiándonos na mellora necesaria na convivencia, na educación emocional, as habilidades sociais e o fomento da creatividade no noso alumnado e en tódolos membros da nosa comunidade educativa.

- Algúns dos obxectivos específicos sobre a educación emocional e social recollidos no Plan de convivencia:

- Procura da autoestima profesional do persoal implicado na realidade educativa.

- Aproveitamento das situacións cotiás da vida escolar para converte-lo Centro nun espazo que propicie a aceptación social e persoal de tódolos implicados no acto educativo, onde se tomen en consideración as emocións e sentimentos das persoas a través do diálogo, a tolerancia e o respecto mutuo, onde se poidan adquirir novas formas de relacionarse (conducta asertiva-cooperación), en definitiva nun espazo de paz que procure o desenvolvemento integral de nenos e nenas en harmonía co entorno e cos seus iguais.

- Desenvolvemento durante os últimos catro anos, de programas específicos de mellora da convivencia cunha forte relevancia da educación emocional e social, como se reflicte no desenvolvemento da actuación Mellora da Convivencia dos contratos-programa nos que o CEIP leva participando dende a súa creación.

- A posta en valor do voluntariado dentro dos alumnos e alumnas de maior idade do CEIP, extendido a cada aspecto e momento da vida cotiá no centro educativo (comedor escolar, biblioteca escolar, celebracións de festividades, xogos nos tempos de lecer, etc)

- O desenvolvemento, nos últimos cursos, de proxectos de Biblioteca Escolar nos que se integra de forma decisiva a creatividade en distintos ámbitos (literario, musical e plástico....) fomentando a comunicación expresiva do alumnado e a súa participación activa en cada creación das que se expoñen nos corredores e diferentes estancias do CEIP (os temas troncais de tódalas actividades complementarias, do proxecto anual de biblioteca, da celebración de festividades, etc.

## **n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular**

A avaliación constitúe un elemento fundamental para a mellora de calquera actividade. Só desde unha reflexión crítica sobre o desenvolvemento das actuacións emprendidas, poden poñerse en marcha procesos de mellora fundamentados no ámbito educativo. Este proceso de reflexión debe ser compartido, de forma que no mesmo se lles dea cabida aos distintos axentes protagonistas da comunidade educativa, permitindo así enriquecer as propostas de mellora coas aportacións e perspectivas destes.

No que á concreción curricular se refire, é preciso avaliar o seu desenvolvemento xunto co das Programacións xerais anuais e as Programacións de aula, así como a súa coherencia co PEC. Deben fixarse, pois, uns criterios xerais de avaliación e establecer procedementos e instrumentos para valorar o grao de cumprimento do recollido neste

documento de planificación, así como a idoneidade dos obxectivos, elementos e actuacións derivados do mesmo.  
**CRITERIOS DE AVALIACIÓN.**

- Os criterios que nos van permitir facer un seguimento e avaliación do Plan de Orientación relaciónanse directamente cos obxectivos plantexados nel e veñen determinados por:
  - A realización das actuacións definidas nos diferentes apartados deste documento.
  - A resposta ás demandas da comunidade educativa.
  - A satisfacción das necesidades de coordinación docente no que atinxe ó desenvolvemento das aprendizaxes do alumnado do centro.
    - O grao de adaptación á realidade do colexio.
    - A resposta á diversidade.
    - O apoio á comunidade educativa no desenvolvemento das accións de mellora da calidade educativa do centro.
    - O asesoramento e apoio en relación a todo o relacionado coas accións de desenvolvemento da LOMLOE.
    - A promoción das relacións dos distintos sectores da comunidade educativa e a participación na vida do centro.
    - A relación cos axentes externos.
    - O apoio ao alumnado para favorecer o seu desenvolvemento integral.

**PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DO PLAN.**

Para a avaliación desta concreción curricular utilizaremos os seguintes procedementos e instrumentos:

- As reunións de coordinación.
- Cuestionario
- Análise dos resultados educativos e das probas de diagnóstico.
- Entrevistas.
- Análise do clima de convivencia no centro.
- Memorias finais.
- Análise de documentos.
- Análise de tarefas que nos darán información acerca de:
  - a) Desenvolvemento das accións prioritarias.
  - b) As accións previstas e non realizadas.
  - c) As modificacións e/ou actuacións introducidas.
  - d) Reunións celebradas.
  - e) A participación nas reunións de equipos docentes
  - f) Instrumentos e/ou documentos elaborados.
  - g) Outras que poidan ser de interese.

## **o) Outros apartados**

### **1. APROBACIÓN E PUBLICIDADE DA CONCRECIÓN CURRICULAR**

Esta concreción curricular é un documento aberto que foi levado ó Claustro de profesores con data do mércores, 8 de febreiro de 2023, como punto único da orde do día para o seu análise e aprobación, sendo revisado durante o 21 trimestre do curso 2023-24 e sendo levado á reunión do Claustro de Profesores do mércores, 8 de maio de 2024 como punto único da orde do día.

O documento foi revisado no curso 2023-24.

O documento foi revisado e readaptado en setembro do curso 2024-25

Decidiuse que cada mestre titor publicitase na aula virtual do seu grupo existente na páxina web do CEIP o presente documento para a información das familias de todo o alumnado: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelseiro/aulavirtual/>.